

Fina Casalderrey: "Ás veces unha idea chama á porta e xorde a maxia"

[Selina Otero](#)

21 de decembro de 2021

<https://www.farodevigo.es/faroeduca/2021/12/21/casalderrey-as-veces-unha-idea-60886064.html>

"Hai dous anos Luís Soto, virtuoso frautista da Real Filharmonía de Galicia, veu á miña casa cun CD na man, 'Mozart á galega', e unha proposta: queres escribir unha historia para esta música?". Fina Casalderrey (Xeive, 1951) é escritora, cunha ampla obra en literatura infantil e xuvenil e numerosos premios. Neste libro, "O xenio da Cidade do Sal" (Xerais), lánzase a escribir sobre este músico e o Camiño de Santiago.

Por que agora un libro sobre Mozart, de neno? Era unha idea que xa tiña de hai tempo ou xorde agora por algo concreto?

Ás veces unha idea chama á porta literalmente... Hai dous anos, un pouco antes de comezar este pesadelo da COVID, Luís Soto, virtuoso frautista da Real Filharmonía de Galicia, veu á miña casa cun CD na man, *Mozart á galega*, e unha proposta nos beizos: "Queres escribir unha historia para esta música". Fusiónonara catro cuartetos para frauta e cordas de Mozart con música popular galega: *O Alalá das Mariñas*, *O Pousa Pousa*, *A saía da Carolina*... Hei dicir que a miña primeira reacción foi de desconcerto, vaia ousada excentricidade tratar unir música clásica coas cantigas de sobremesa das festas na casa. Pero ao tempo que falaba con entusiasmo contaxioso, púxome o CD e... Oh, marabilla! xurdiu a maxia, recoñecín entre a música clásica o *Alalá das Mariñas*!, poño por caso, pero non percibín ningún cambio brusco. Era a mesma peza! Seducíume e dixen "SI". Así comezou todo.

Supoño que a figura dun xenio músico dende a infancia é moi atractiva para a rapazada... (e non só para a rapazada, tamén para os maiores).

Imaxinemos un neno que con catro anos xa toca o clavicordio, con seis comeza a facer pequenas composicións, toca o violín e dá concertos polas máis selectas cortes europeas, viaxando continuamente, pasando meses, e incluso anos, fóra da casa, que é aclamado coma un cantante pop ou de rock, que, cando volve á casa, os domingos dá concertos improvisando a

música e a xente paga por entrar, que toca co teclado tapado, cos ollos vendados..., que nunca foi á escola con outros rapaces... Un neno que, por non lle permitiren ser tal, se comporta coma un neno toda a vida. Que, con once anos, foi encerrado nun cuarto para compoñer un oratorio espiritual; o Arcebispo Real, Segismund quería comprobar se era realmente el quen compoñía. Un neno con teima por todo o escatolóxico, hiperactivo, que padecía o síndrome de Tourette... Un neno prodixio, un xenio da música con oído absoluto. Claro que interesa!

En que se baseou, como se documentou sobre a vida do xenio?

Non é un personaxe descoñecido, calquera neófito no tema sabe algo da súa personalidade inqueda, sóalle *A frauta máxica*, *As vodas de Fígaro*, ou o *Requiem* de encarga, que el, xa enfermo, compuxo para o seu propio funeral; pero dos 35 intensísimos anos que viviu este xenio da música -quizais o máis grande de tódolos tempos-, xa non sabemos tanto. Con todo, existen variadas biografías e ampla documentación que mesmo podemos atopar na rede, tanto sobre Mozart coma sobre Leopold, o seu pai, ou Marianne, a súa tamén prodixiosa irmá (aínda que por ser muller fose apartada da música antes de cumprir os dezaoito). Porén, se quería meterme na súa pel tiña que viaxar a Salzburgo, camiñar pola beira do Salzach, visitar o Castelo, entrar na casa de Mozart, colarme nalgún dos seus concertos, aprender a montar a cabalo, acompañalo nas súas longas viaxes: Viena, París, Londres, Italia..... A maxia das lecturas permítennos todo iso sen nos mover da casa e, sobre todo, nesa derradeira viaxe que o mundo descoñecía...

E por que introduce o Camiño de Santiago nesta historia? Son dous elementos (Mozart e Camiño) que xuntos poden ser maxia...

Tiña que traelo a Galicia, que se enchoupase da paisaxe, do mar, da nosa música popular... Pero quería traelo “vivo” dende o Salzburgo do s. XVIII ata a Galicia do s. XXI. Recoñezo que non me foi doado conseguilo, pero á fin atopei a fórmula botando man do extraordinario realismo máxico que ateiga as nosas tradicións, as nosas lendas, a nosa mitoloxía... e nada mellor que sumarse aos peregrinos que dende diferentes puntos de Europa e durante séculos, fixeron e fan o Camiño. Nós, ademais, tamén temos cabalos máxicos que obran prodixios, e se non, que lle pregunten ao cabalo branco do propio Santiago Apóstolo. Todas as viaxes de Mozart están ben documentadas, agás esta, a derradeira, a que se conta por primeira vez en *O Xenio da Cidade do Sal*.

Que agarda con este libro, que lle gustaría que causase na rapazada (efectos, curiosidade, aprendizaxe, gusto pola música...)

O primeiro, que gocen moito coa lectura, teñan a idade que teñan, que lles pareza unha historia divertida. É dicir, que cando o pechen na última páxina, emitan unha sorte de suspiro de satisfacción e que, de inmediato, non desexen pensar noutra cousa. Á fin trátase da aventura de vivir dun neno prodixio, dun neno especial ao que non deixaron tempo para ser neno. Gustaríame que esta historia tivese a maxia que tivo para min introducirme na vida de Mozart, conseguir que a coñezan sen esforzo e que ese coñecemento se converta en admiración e curiosidade por achegarse de inmediato ao CD, que tamén poden poñer mentres len... E que esa primeira vez, sexa iso, a primeira para introducirse, non só na obra deste xenio, senón da música clásica en xeral. Quizais descubran que esta música tamén nos pode acompañar con cascos, pola rúa, nunha viaxe en coche...

Polo que relatou nun principio, o feito de que tivese que partir dun CD, dunha música composta con anterioridade ao relato, dificultou a creación da historia?

Sempre que aceptas o reto de escribir partindo dunha proposta allea, dunha idea que non foi túa nun principio, parece que dificulta o arranque de calquera historia. Suponse que o día anterior non tiñas para nada ese tema entre os teus pensamentos, non era esa lámpada que se che acende espontánea a partir dunha vivencia, dunha lectura, dun soño... e non te abandona durante moitos días ata producirche un desexo irrenunciable de convertela nunha novela, nun relato... Conste que non existe unha fórmula única, cada unha das miñas historias naceu dunha circunstancia diferente, pero sempre tivo que haber algo que me conmovese. Niso, esta non se diferenciou das demais: conmovéronme a partes iguais o entusiasmo co que me falaba **Luís Soto** e o ***Mozart á galega*** que escoitei. Cando comecei a documentarme e a tomar notas xa estaba tan entregada coma sempre.

Pode ser un xeito de chegar a música clásica aos máis pequenos? Aínda que tamén mesturada coa tradicional...

Estou convencida de que si. As caricias e a música son a primeira das linguaxes que entende un neno, unha nena. Xa de bebé, chora, poslle música e acouga. Logo está o detalle de incluír, neste caso, a música popular que, precisamente por ser popular, resulta coñecida non só para esa elite cultural formada na música clásica, senón para calquera cidadán ou cidadá d e a pé. Iso convértea nun magnífico fío do que tirar para descubrir e, sobre todo, gozar da música clásica, sen ter formación previa. Por outra banda, durante moito tempo inclinámonos a pensar que o “popular” e o “culto” son termos opostos, cando o popular tamén forma parte importante da cultura dun pobo. A música, a literatura, a arte en xeral teñen aí as orixes.

Música, camiño... canto teñen de importante as artes na educación dos pequenos/as?

Dos pequenos e dos grandes... A música, como diría o mesmo Mozart, mantén o noso cerebro rexuvenecido. E algo non menos importante, a música, a boa música, favorece esas endomorfina da felicidade: cáلمانos, acubíllanos, agarímanos... Sábeno ben nas clínicas dos odontólogos cando nola poñen para nos relaxar antes de nos ferver na boca. En canto ao Camiño, a Educación é un camiño que non remata ata o día en que deixamos de respirar. Por outra banda, cando oímos a palabra “Educación” adoitamos, de inmediato asociala á palabra “Escola”, porén, deberíamos sumarlle: familia, sociedade... A música e a literatura son recendos que se coan por todas partes. Logo están as magníficas ilustracións de Xosé Cobas, tan fermosas, tan simbólicas, ateigadas de metáforas que poden descubrir tamén os máis novos en canto len a historia. Iso permite xogar con elas ata na materia de Plástica.

Considera que esta obra é moi distinta ás previas?

Todas son distintas, cando menos adrede, nunca “repetiría”. Mesmo á hora de lle atopar a forma de contala, a estrutura, que me parece tan importante coma a mesma historia, intento que sexa diferente en cada unha delas. Cada libro é unha exploración nova. Con todo, eu son eu, e teño a miña formación e as miñas limitacións, a miña sensibilidade, as miñas utopías... Certo que evoluciono e mesmo vai cambiando a miña maneira de ver o mundo co que vou percibindo... Coa escrita igual, sigo experimentando, aprendendo, e necesito crer, en cada novo libro, que estou a descubrir a pólvora, aínda que me trabuque. Quizais no comezo da primeira parte e no comezo da segunda, esa prosa fresca, inxenua e desenfadada que utiliza o neno Mozart, nese par de cartas, se pareza ao estilo utilizado en *O misterio dos fillos de Lúa*, aínda que cun rapaz que en catro anos máis, ou ao empregado en *O estanque dos parrulos pobres*. Ás veces, unha mesma é a menos indicada para valorar esas cousas.